

OBRADOIRO DE TRATAMENTO DE DATOS: TÉCNICAS BÁSICAS APLICADAS A HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

SUSANA SOTELO

Universidade de Santiago de Compostela

O fenómeno da dixitalización levou a un aumento substancial da cantidade de información, convertendo os datos nun elemento central das sociedades actuais, con grande impacto na economía, a tecnoloxía ou a investigación. Neste contexto emerxe a Ciencia de Datos, cuxo obxectivo é extraer coñecemento e valor dos datos a través da súa análise e interpretación. As disciplinas de Humanidades non son alleas a estes cambios derivados da era dixital, e a obtención e procesamento de volumes de datos cada vez maiores son xa unha ferramenta fundamental para a investigación en campos como a historia, a lingüística ou a literatura.

Neste obradoiro introduciremos os fundamentos do fluxo de traballo en Ciencia de Datos, desde a súa obtención e limpeza até a publicación final. Aplicando un enfoque eminentemente práctico, mostraremos distintos formatos de datos, así como algunhas técnicas básicas para a súa obtención, tratamento e procesado.

BIONOTA

Susana Sotelo é doutora pola Universidade de Santiago de Compostela, onde traballa como investigadora posdoutoral no Proxecto Nós.